

ESTREA EN NUMAX: 22.03.2019 | V.O.S.E. | +16

*Us* (2019, 120')

**Dirección:** Jordan Peele

**Guión:** Jordan Peele

**Elenco:** Lupita Nyong'o, Elisabeth Moss, Winston Duke, Tim Heidecker, Yahya Abdul-Mateen II, Anna Diop

**Son:** Michael Baird

**Montaxe:** Nicholas Monsour

**Dirección de arte:** Cara Brower

**Vestuario:** Kym Barrett

**Música:** Michael Abels

**Fotografía:** Mike Gioulakis

**Produtoras:** Blumhouse Productions, Universal Pictures, Monkeypaw Productions, QC Entertainment (EEUU)

**Distribuidora:** Universal

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Weird City*, 2019 [TV]

*The Last Original Gangster*, 2018 [TV]

*Déixame saír*, 2017

## SINOPSE

Adelaide Wilson é unha muller que volve ao fogar da súa infancia na costa xunto ao seu marido, Gabe, e os seus dous fillos para una idílica escapada estival. Despois dun tenso día na praia cos seus amigos, Adelaide e a súa familia volven á casa onde están a pasar as vacacións. Cando cae a noite, os Wilson descubren a silueta de catro figuras collidas da man e en pé diante da vivienda.

«Unha obra mestra da duplicación e a superposición»

Joanna Robinson, VANITY FAIR



## O lado máis escuro da natureza humana e a experiencia americana

Por Monica Castillo

No documental de Rodney Ascher *Room 237* (2012) catro teóricos tentan explicar as mensaxes ocultas no filme de Stanley Kubrick *O resplandor* (1980). As ideas sobre o significado do filme ían desde o verosímil até o impensábel. Unha das teorías ofrecía a posibilidade de que *O resplandor* fose unha caste de confesión de Kubrick por ter filmado as falsas imaxes da aterraxe na lúa. Outras ideas falaban da evidencia de que o filme se refería indirectamente ao xenocidio de nativos americanos e ao Holocausto.

En *Nós*, o excelente novo filme de terror dirixido, escrito e producido por Jordan Peele, xa agromaron numerosas interpretacións, tal e como sucedía c' *O resplandor*. Parte da forza do filme reside nas múltiples interpretacións que acolle o seu argumento e imaxes. Tal e como fixo en *Déixame saír* (2017), Peele rende un significativo tributo aos filmes que o teñen influenciado. Para min, de novo, *O resplandor* é a referencia fundamental, incluíndo un plano aéreo da familia Wilson conducindo a través dos bosques en dirección á súa casa de vacacións, que atopa reflexo na familia Torrance e o seu camiño cara ao hotel Overlook. Porén, *Nós* non se limita a unha carta de amor a un filme de terror. Tamén rende tributo a Brian de Palma, co emprego da pantalla dividida que sitúan a Adelaide e o seu dobre

(*doppelgänger*) no mesmo foco por vez primeira no filme. Tamén pensamos n' *O cisne negro* (Darren Aronofsky, 2010) polo duelo de estilos de ballet e unha escena de combate marabillosamente coreografiada que remite ás competicións do filme.

Atopámonos ante un filme de terror deliciosamente arroutado sobre a invasión da casa familiar que suma á capacidade narrativa de Peele un elenco incríbelmente atinado para os dous papeis centrais. Os Wilson son o retrato da familia americana tipo, con catro membros, de clase media, con cultura e formación (Gabe leva un xerri da Universidade de Howard). Os seus dobres parécense a eles fisicamente pero dalgún xeito son o seu reverso, cunha vida situada no límite da miseria. Trátase dunha das analoxías de clase máis atinadas no cinema recente. Para os actores foi unha oportunidade de interpretar os extremos, un de intensa normalidade e outro de explícita maldade. Winston Luke dá boa conta das súas capacidades actorais como pai aparvado que adoito avergoñar os seus fillos e, no seu dobre, como muro de violencia sen outra intención que gruñir e bater no seu rival. Lupita Nyong está perfecta como Adelaide, tentando reter algunhas lembranzas traumáticas pero dando sempre a cara pola súa familia. O seu dobre suspira cunha voz áspera e sinistra que porá os pelos de punta a non poucos espectadores da sala.

Unha historia de suspense cun elenco marabilloso precisa dun grande equipo para engraxar o filme. O director de fotografía de *It Follows* (David Robert Mitchell, 2014), Mike Goulakis, crea

imaxes perturbadoras en espazos mundanos. Unha imaxe dunha familia de pé na entrada do garaxe non debera ser especialmente significativa, pero cando se amosa estrañamente escura, retroalumada para que non se vexan os rostros e os catro corpos están parados nunha elevación maior cá dos nosos heroes, semella que algo raro vai suceder. O deseño de vestiario de Kym Barrett non só acerta ao vestir con monos vermellos os dobres senón tamén na caracterización máis convencional da familia Wilson e a Tylers. En canto á banda sonora, o responsábel é Michael Abels, que xa compuxera para Peele en *Déixame saír*. As sinistras notas do deseño de son asentán as bases para as secuencias máis angustiosas do filme.

Jordan Peele non é o novo Kubrick, Shyamalan, Hitchcock ou Spielberg. É un cineasta cunha ollada propia, cunha visión que arrecende a comedia, terror e comentario social. E conta cun estilo visual luminoso, lúdico e deliciosamente enervante. Peele emprega unha linguaxe cinematográfica alternativa a Kubrick, bota man de fendas narrativas máis sólidas cá de Shyamalan, o seu suspense non se parece a Hitchcock e conta cun tempo narrativo que Spielberg nunca tivo. *Nós* é outra emocionante exploración no pasado de opresión dun país que non se atreve a afrontar as súas propias pantasma. Peele apela a nós, espectadores, achéganos material de sobra para nos facer reflexionar, sentir e pescudar a través do lado máis escuro da natureza humana e a experiencia americana.

Publicado en rogerebert.com  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**4€**  
**Faite NUMAX!**

**Abónate agora e ven sempre por**